

AVALIACIÓN 4º ESO INICIACIÓN Á ACTIVIDADE EMPREENDEDORA E

EMPRESARIAL

Avaliación

Empregaremos os seguintes **instrumentos de avaliación**:

- **Probas escritas** - 60% da nota final.
- **Actividades de control** e actividades realizadas periodicamente na aula; estas probas suporán un 30% da nota final.
- Caderno de aula da profesora, no que se anotarán os positivos (+0,25) e os negativos (-0,25) obtidos co traballo na **casa**, o grao de interese e a actitude (asistencia, puntualidade, participación) – 10% da nota final.

Criterios de cualificación:

En cada unha das tres avaliacións realizaranse dúas probas **escritas**, que poderán constar de preguntas teóricas e prácticas. Nas probas escritas cada pregunta leva indicado o seu valor máximo. Terase en conta que o contido da resposta sexa correcto e completo, que estea debidamente razoada, a claridade de exposición, a concreción, o dominio da terminoloxía económica e o emprego de exemplos adecuados. Tamén se terá en conta a ortografía, expresión escrita, presentación, etc. Á hora de determinar o grado de desenvolvemento dos exercicios teranse en conta, tanto as interpretacións, explicacións e comentarios dos exercicios, como a expresión dos resultados numéricos nas unidades correctas. Esta parte representará un **60% da nota de cada avaliación**.

O **traballo diario e interese pola materia**, valorarase a través de **actividades de control e actividades** realizadas periodicamente na aula; estas probas suporán un **30% da nota final**.

O restante **10% da nota final** corresponderá á valoración do comportamento, realización das tarefas na casa, a actitude, interese, asistencia, puntualidade,... segundo as anotacións no caderno da profesora.

	Ponderación
Media aritmética das probas escritas	60%
Media aritmética das actividades de control e actividades na clase	30%
Tarefas na casa, actitude, asistencia, puntualidade,...	10%

Entenderase aprobada a avaliación se sumadas a media aritmética das notas das probas escritas e a media aritmética dos demais elementos avaliábeis (ponderando ambas polas súas porcentaxes correspondentes) obtense un **cinco ou máis**.

Para que se poda realizar a media aritmética das notas das probas escritas e a media aritmética dos demais elementos avaliábeis é necesario ter **como mínimo** unha puntuación de **3,5 sobre 10** nas probas escritas. En caso de non acadar dita puntuación mínima entenderase que non se acadaron os obxectivos de ditas unidades didácticas, e polo tanto considerarase suspensa a avaliación.

Á hora de establecer a cualificación da avaliación para calcular a nota enteira truncarase ás **unidades**. Para aprobar a materia é preciso ter as **tres avaliacións aprobadas**. A **nota final** do curso será a media das notas das avaliacións, contando as recuperacións como 5.

Actividades de recuperación.

Os alumnos que non acaden unha puntuación superior ou igual a 5 en cada avaliación deberán recuperar a materia correspondente. Realizaranse probas de recuperación da 1ª e 2ª avaliación a principio da avaliación seguinte. A 3ª avaliación recuperarase na **proba escrita final**.

No mes de **xuño** farase unha **proba escrita final** para aqueles alumnos que teñan algunha avaliación pendente.

Perda do dereito á avaliación continua.

A non asistencia regular á clase implicará a perda do dereito á avaliación continua. Os alumnos que superen o número de faltas que figuren no Regulamento de Réxime Interno terán, polo tanto, dereito unicamente a unha proba extraordinaria a final de curso.

Avaliación extraordinaria

Os alumnos que non superen a proba final de **xuño** deberán presentarse a convocatoria extraordinaria de setembro na fecha que a tal efecto se sinale pola dirección do centro. En dita convocatoria acudirase coa materia completa, con independencia de cal sexa a parte suspensa do alumnado.

Tendo en conta o anterior, considerarase aprobado/ao alumno/a que obteña nota igual ou superior a 5.